



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de Lucas Meda Herbojo como Técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste concello.

Núm. Admvo. Expte.: 2020/X999/000064

Expte. Decreto Núm.: 2022/G003/000507

Vistas as bases e convocatoria do proceso selectivo para cubrir con persoal funcionario interino unha praza de técnico de xestión, do grupo A, subgrupo A2, escala de Administración Xeral, subescala de xestión, no Concello de Laxe e creación dunha lista de reserva, publicada no BOP núm. 30, de 15/02/2022, por medio da que se aprobou a listaxe definitiva de persoas aprobadas e da lista de reserva que permanecerá vixente ata o 31/12/2023.

Vista a providencia de Alcaldía de data 19/08/2022 na que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir a praza de técnico de xestión, por acumulación de tarefas e se dispón que se realicen os trámites oportunos para a contratación, con carácter temporal, de un funcionario interino, praza de técnico de xestión, do grupo A, subgrupo A2, escala de Administración Xeral, subescala de xestión, de acordo coa convocatoria do proceso selectivo publicado no BOP núm. 30, do 15/02/2022 e coa selección e lista de reserva resultante dese proceso selectivo, por exceso ou acumulación de tarefas e durante un prazo máximo de 9 meses durante un período de dezaoto meses, de acordo coa norma vixente na actualidade.

Realizado o chamamento das persoas resultado dese proceso selectivo e da lista de reserva, por orde decrecente de puntuación, acepta o chamamento Lucas Meda Herbojo, con DNI núm. ***8567**, presentando a renuncia as persoas candidatas anteriores.

De conformidade co artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Realizar o nomeamento a favor de Lucas Meda Herbojo, con DNI núm. ***8567**, como Técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste concello.

Segundo. O prazo de duración da interinidade será por un prazo máximo de nove meses.

Terceiro. O interesado ten un prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ó desta publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello para presentar no Rexistro do concello a documentación establecida na base décimo primeira.

Cuarto. Unha vez presentada a documentación establecida na base décimo primeira e constatando que o interesado entregou a documentación esixida, procederase a toma de posesión nun prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia

Quinto. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Sexto. Publicar esta resolución de nomeamento na páxina web do concello (concellodelaxe.com) e no Taboleiro de Anuncios do concello, indicándolle á persoa aspirante que se no prazo indicado non



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

presenta a documentación requirida ou non toma posesión da praza de funcionario interina, quedará sen efecto o nomeamento realizado.

Sétimo. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García